

## **XV FESTA DO COMERCIO DE ACISA RIBADEO**

### **BASES DO SORTEO**

A entidade organizadora é a Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo (A.C.I.S.A. Ribadeo)

Este sorteo realízase co fin de dinamizar o comercio e a hostalaría durante os meses do Nadal e o inicio das rebaixas, facendo así, máis atractivo o comercio local fronte ao comercio online ou ao comercio nas grandes superficies.

#### **1º COMO PARTICIPAR:**

Os participantes deben ser maiores de idade (18+)

Para participar no sorteo, deberase realizar unha compra ou consumición en calquera dos establecementos asociados a A.C.I.S.A. Ribadeo

Os establecementos terán a disposición dos seus clientes as rifas do sorteo para entregárllelas por cada compra realizada.

As compras non terán importe mínimo establecido por A.C.I.S.A. Ribadeo.

Por cada compra realizada, o establecemento deberá entregar unha ou varias rifas. A cantidade de rifas a repartir por cada compra, establecerase mediante criterio de cada establecemento, en base as recomendacións habituais de entrega en funcións ao importe da venda.

As rifas están debidamente numeradas do 000.000 ao 180.000.

As rifas, para considerarse válidas para reclamar o premio, deberán estar debidamente seladas por cada establecemento de xeito visible na parte marcada a tal efecto.

**As rifas poderanse atopar nos establecementos asociados a A.C.I.S.A. Ribadeo do 5 de decembro de 2025 ao 10 de xaneiro de 2026**

As rifas que se entregarán nos establecementos asociados estarán formadas por dúas partes, que deben conservarse por parte do cliente ata o día do sorteo, 10 de xaneiro. Unha parte estará sinalada como parte a depositar e outra como parte a conservar.

PARTE A CONSERVAR PARA O SORTEO	PARTE A DEPOSITAR NA HURNA  O SABADO 10 DE XANEIRO DE 17:00 A 20:30 HORAS
---------------------------------	--

\*EN CADA ESTABLECEMENTO ENTREGARANSE AS DUAS PARTES XUNTAS

**O día 10 de xaneiro dende as 17:00 horas ata as 20:30 horas as persoas que teñan rifas para o sorteo, poderán depositalas nunha urna instalada na carpa situada no APARCAMENTO DA AV. ROSALIA DE CASTRO. Ademais de depositar as rifas deberán gardar a parte a conservar para poder participar do sorteo.**

## **2º OS PREMIOS:**

Os premios que se sortean son os seguintes:

**Premios presenciais:** Os premios sortearanse na carpa instalada no aparcamento da Av. Rosalía de Castro , ata que saia o ganador, é dicir a persoa deberá estar fisicamente no lugar.

Ningún premio quedará deserto.

Darase un tempo prudencial de entre 3 e 5 minutos para a comprobación das rifas, de non aparecer o gañador, anularase o numero e procederase a sortear de novo ese mesmo premio deixando invalidado o numero anterior.

- 1 premio dunha viaxe viaxe a Manorca para 2 persoas

Detalles do viaxe:

- Catro días e tres noites de aloxamento, en habitación dobre nun hotel de 4\* en réxime de todo incluído, no mes de maio.
  - Os vos son directos Asturias – Mallorca – Asturias con mochila / bolso / persoal baixo asentos dianteiro + equipaxe de man (10kg/persoa) + asento asignado.
  - As datas concretas e demais detalles serán fixados, con detalle, por a organización (ACISA Ribadeo).
- 1 premio de 2.000 euros en vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo.
  - 1 premio de 1.500 euros en vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo.

- 1 premio de 1.000 euros en vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo.
- 1 premios de 250 euros en vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo.

**Premio non presencial:** O numero premiado co premio non presencial darase a coñecer o mesmo día 10 de xaneiro durante o sorteo, mediante un programa informático que escollerá de forma aleatoria un numero dos 180.000.

- 1 premio de 250 euros, en vales de compra de A.C.I.S.A. Ribadeo

### **3º O SORTEO:**

O sorteo será presencial e haberá un premio non presencial.

O sorteo realizarase na carpa instalada NO APARCAMENTO DA AV. ROSALIA DE CASTRO

O sorteo dará comezo ás 20:30 horas o día 10 de xaneiro de 2026

Despois da súa celebración ACISA dará a debida publicidade mediante un comunicado, en redes sociais, na súa web, na prensa escrita, na prensa dixital e nas radios.

O sorteo realizarase entre os números producidos e entregados, sendo 180.000 as rifas postas en circulación.

### **4º PAGO DO PREMIO:**

O gañador premiado coa rifa agraciada no sorteo non presencial, terá ata o día 30 de xaneiro para presentarse nas oficinas de A.C.I.S.A. Ribadeo para cobrar o premio, de non facelo perderá o dereito sobre el e considerárase deserto.

Os gañadores premiados coas rifas agraciadas no sorteo presencial, cobrarán o premio o mesmo día 10 de xaneiro.

As oficinas de Acisa Ribadeo permanecerán abertas os días laborables de 09:30 a 14:30 horas

Os vales de compra de Acisa Ribadeo deberán ser gastados no periodo marcado nos vales de compra.

Aos gañadores faráselles entrega dun cheque para sacar unha fotografía o día do sorteo e dun sobre cos vales de compra de Acisa Ribadeo, vales que solo se poden gastar nos establecementos asociados e que deben ser consumidos de forma íntegra, é dicir, **non se darán voltas en diñeiro en efectivo ao realizar as compras nos establecementos asociados.** Deste xeito deberán axustar as compras á cantidade que

teñen en vales ou ben o establecemento daralle un vale para gastar nel, isto realizase como media de seguridade para que so os establecementos asociados poidan verse beneficiados doa vales de compra de Acisa Ribadeo.

\*Para o cobro do premio requírese a aceptación das bases deste sorteo mediante certificado expedido pola asociación e firmado polos gañadores dos premios.

\*A aceptación deste concurso conleva a toma de fotografías dos premiados para as súas posteriores publicacións, en medios de comunicación e redes sociais.

\*O uso dos datos de carácter persoal son unicamente para a celebración do sorteo, solo o persoal autorizado de Acisa Ribadeo terá acceso a eles, e este limitase a identificar ao gañador e proceder a notificarlle que gañou un premio, así como para a publicación dos nomes dos gañadores en medios de comunicación e redes sociais. Tras o sorteo tódalas rifas serán destruídas debidamente.

\* A organización reservase o dereito de modificación destas bases en caso de ser necesario. No seu caso comunicarase debidamente polos medios oportunos.

En Ribadeo , a 1 de decembro de 2025.